



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa a adopción dun programa integral de prevención e loita contra a trama da corrupción político-empresarial.

### Exposición de motivos

O Grupo Parlamentar de AGE considera que urxe unha decidida acción dos poderes públicos galegos en orde a atallar a vaga de casos de corrupción político-empresarial que afectan a moi numerosas e altas instancias públicas. A trama de corrupción político-empresarial, porque pola súa extensión e profundidade tal é, subvirte un réxime que se predica democrático, en canto deslexitima o quefacer das institucións públicas diante da cidadanía e senta as bases da ruína das arelas da xente do común a que no espazo público se impoña o interese xeral.

Esa trama de corrupción político-empresarial anula as posibilidades de cambio social inherentes a un réxime democrático, ao reducir a este a unha fórmula política oligárquica, allea aos intereses populares.

A Xunta de Galicia emana da vontade do pobo galego de superar a violencia e corrupción da ditadura franquista. Nesa xénese pódese afirmar que ten un mandado particular para ser protagonista da loita pola prevención e combate da trama de corrupción política-empresarial. Para que non haxa caciques, nin aínda que sexan de proximidade. Ate o de agora, o goberno Níñez Feijóo desertou dese mandado, desa batalla a prol do ben común.

Esta corrupción se constitúe nunha modalidade efectiva da gobernanza neoliberal en canto permite reducir a inanidade os mecanismos de transformación ínsitos nun réxime democrático. Un procedemento clave para ela son procesos de privatización en curso en canto alimentan a cadea de favores que se desprende de reducir dereitos e servizos públicos en negocios privados.

As tramas de corrupción e os delitos asociados a elas requiren pola súa complexidade dun progresivo e amplo esforzo das administracións públicas para formar especialistas que poidan desvelar e combater os ámbitos de impunidad das tramas delictivas, asemade de dispor dos recursos materiais necesarios para tal cometido. A vontade política ten que ter un correlato orzamentario en medios materiais e humanos.

E por último pero non menor, unha ousada intransixencia ética que se ten que derramar pola conciencia cidadá e en particular no eido dos valores e na escola. Neste senso as alteracións do currículo que marca a lei da wertgoña son elocuentes acerca do lado da trincheira que ocupan os gobernos do PP: a relixión gaña a partida á cidadanía, a fe á xustiza.

Este grupo parlamentar achegou nesta lexislatura diversas iniciativas para previr e combater esta sistemática de corrupción que pagamos co prexuízo do ben público, peores servizos básicos e a náusea moral da cidadanía. Fixémolo con actuacións en todos os eidos da vida social, consonte a análise crítica que desvela a corrupción política-empresarial como modalidade de goberno asentada nun determinado modelo produtivo, económico e financeiro, particularmente orientado á especulación urbanística. Non obtivemos o concurso do partido maioritario da Cámara. Este, para desenvolver a súa axenda, precisa degradar a democracia nun réxime oligárquico, de democracia limitada e cuns responsables públicos blindados respecto da xente do común e testafellos dos señores do diñeiro e dos medios.

Este Grupo Parlamentar demanda un programa integral de prevención e loita contra o fenómeno sistémico da corrupción política-empresarial, mans limpas e medidas tallantes. No eido xudicial ecoa unha demanda xeralizada dos xuíces decanos tanto en Galicia como no Estado en relación a conquistar os medios suficientes para investigar todos os asuntos relacionados coa corrupción e os delitos económicos. Medidas urxentes e necesarias e que supoñen un chanzo indispensable para loitar contra a lacra da corrupción.

Pero son necesarias actuacións integrais noutros ámbitos da vida social, económica e cultural do país como son o da fiscalidade progresiva e a loita sen cuartel contra a fraude e a elusión fiscal, un urbanismo liberado das burbullas e cumprindo con valores sociais e de sustentabilidade, uns concellos e institucións atravesados pola militancia da cidadanía, un Parlamento de cristal e non a súa regresión como cuartel, unhas normas electorais e a regulación dos cargos públicos cuns criterios de exemplaridade e democracia radical; en suma a constitución colectiva e social dunha nova forma de gobernar, aberta, participativa, transparente, democrática, para persoas que non queremos ser máis, pero tampouco menos que cidadanía.

Por todo isto, preséntase a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta de Galicia a adoptar as medidas seguintes no ámbito das súas competencias ou a reclamar a súa adopción ao goberno central,

- **I.- Crear a Fiscalía Galega Anticorrupción.**
- **II.- Constitución dun órgano administrativo independente para previr a corrupción no ámbito das administracións públicas.** Demanda sostida hai varios anos e defendida pola Fiscalía do TSXG.
- **III.- Elaboración dun plan de recursos materiais e humanos suficientes,** en particular persoal especializado na persecución desta modalidade delictiva, para os órganos xudiciais radicados no noso país para combater de xeito eficaz a corrupción. Ampliación das plantillas competencia da Xunta en persoal funcionario, peritos especializados, como os contables forenses, e a adscrición de grupos de auténtica policía xudicial.
- **IV.- Iniciativa de reforzo inmediata en persoal e medios suficientes cando un xulgado entenda dun caso de corrupción político-empresarial,** de xeito que nunca se poida repetir o escándalo do desmantelamento do xulgado de instrución 1 de Lugo.
- **V.- Demandar do goberno central as seguintes medidas en materia xudicial:**
  - + Consecución de **novos órganos xudiciais,** os máis urxentes consignados hai varios anos na memoria dos xulgados e tribunais de Galicia, e o nomeamento de xuíces e secretarios xudiciais de reforzo e a adscrición de fiscais con dedicación exclusiva.
  - + Establecemento dun **procedemento de urxencia nos expedientes xudiciais que imputen a cargos públicos,** coa simplificación dos procesos e a redución dos prazos de instrución.
  - + Ampliación e creación de **novos tipos penais e endurecemento das penas para os corruptos e para os corruptores,** en particular nos delitos de carácter urbanístico e de ordenación do territorio, malversación ou apropiación indebida de caudais públicos, prevaricación con fins de lucro, cohecho, suborno, tráfico de influencias, uso de información privilexiada, alteración de prezos en concursos ou subastas públicas branqueo de capitais e cohecho impropio, , enriquecemento inxustificado e omisión do deber de perseguir delitos.
  - + Modificación legislativa de maneira **que os delitos económicos relacionados coa corrupción político-empresarial non prescriban.**
  - + **Incorporación no código penal dos delitos de suborno impropio e financiamento ilegal dos partidos políticos.**
  - + **Ampliación ate 30 anos da inhabilitación para desempeñar calquer cargo público electo,** de libre designación ou por concurso público para as persoas condenadas polos delitos de corrupción.

+ Elaboración das **actuacións e medidas oportunas para recuperar o diñeiro roubado**, incluíndo as medidas cautelares pertinentes.

- VI.- **Elaboración dunha nova lei sobre o goberno aberto e a democracia participativa**, que permita dotar de novos poderes de fiscalización, información, transparencia e dereitos á nosa cidadanía. AGE achegou as liñas mestras desa norma ao abeiro do debate parlamentario do proxecto de lei da garantía de calidade dos servizos públicos.
- VII.- **Elaboración dunha nova lei de publicidade institucional da Xunta de Galicia**, que evite o exercicio de manipulación e os clientelismos en relación cos recursos públicos e a acción pública do goberno.
- VIII.- Acordo para a **modificación do regulamento parlamentario** para facilitar a chegada das problemáticas que acaecen na sociedade ao Parlamento en tempo real e inmediato, para facilitar a presenza e a participación da cidadanía na vida parlamentar e para ampliar as capacidades de fiscalización e control da acción gubernamental.
- IX.- **Reforma da lei de financiación dos partidos políticos en Galicia** que contemple entre outras cuestións a prohibición total de calquer doazón aos partidos, fundacións e asociacións vencelladas a estes por parte das empresas contratadas pola administración; o carácter público e de libre acceso de todas as aportacións económicas recibidas que só poderán proceder de persoas físicas; ou a creación dun único rexistro público e de fácil acceso que permita coñecer os ingresos e gastos dos partidos políticos.
- X.- **Incorporación das consideracións e as 11 recomendacións recollidas no 4º informe sobre España do GRECO**, para acadar unha maior esixencia no código de conduta no Parlamento Galego, aumentar a información ao dispor da cidadanía, de maneira que este coñeza os estudos e informes que motivan as propostas de lei, os calendarios detallados do proceso lexislativo, ou as axendas de traballo dos membros da cámara e as xuntanzas mantidas.
- XI.- **Aumento das funcións e a ampliación de medios materiais e de persoal do Consello de Contas** de maneira que, entre outras, a súa laboura de fiscalización reduza o desfase temporal que sofre na actualidade, e poida abranguir no seu traballo a fiscalización das deputacións provinciais, o plan contra a fraude fiscal que realiza a Axencia Tributaria Galega, o gasto en investimento público e o seu impacto económico e no emprego para o tecido produtivo do país, a fiscalización dos gastos realizados na modalidade dos contratos de colaboración público-privado, caso do hospital de Vigo, a fiscalización específica sobre o uso dos fondos europeos pola Xunta, a fiscalización do impacto no endebedamento público do réxime privatizador de colaboración público-privado, ou outras fiscalizacións específicas (sobre Portos de Galicia, sobre os concertos educativos que segregan ao alumnado polo seu sexo, ou sobre concellos afectados polas tramas de corrupción político-empresarial); outrosí deberá coñecer

calquera modificación das condicións de débeda ou de cancelación dos partidos coas entidades financeiras.

- XII.- **Código ético dos cargos públicos**, que contemple a dimisión cautelar ou separación provisional das responsabilidades trala súa imputación por delitos vencellados á corrupción político-empresarial restén inculpados ou teñan medidas xudiciais cautelares.
- XIII.- **Redución substancial das persoas aforadas no noso país.**
- XIV.- **Salarios de austeridade para os cargos públicos.** Tributación transparente e eliminación de complementos. Supresión de plans de pensións privados. Prohibición de recibir agasallos persoais.
- XV.- **Reforma da normativa para endurecer o réxime de incompatibilidades** e da figura dos conflitos de interese para que sexan rigorosa e pública.
- XVI.- **Aprobación dunha norma que impida o xogo perverso das portas xiratorias**, que leva a saldar os favores da empresas aos cargos públicos con remuneracións e postos nos consellos de administración cando cesan a súa actividade pública.
- XVII.- Aprobación dunha **lei contra o transfuguismo** que obrigue as persoas que incorran nesa práctica a renunciar ao seu cargo electo.
- XVIII.- Creación dun **registro galego obrigatorio e que terá carácter público dos grupos de presión**, no que consten os seus obxectivos, orzamentos, estrutura, dirección, as xuntanzas celebradas cos membros do Parlamento e os motivos destas.
- XIX.- Aprobación dunha **nova lei electoral galega** que substitúa a 8/1985 de eleccións ao Parlamento de Galicia para conquistar unha verdadeira proporcionalidade e facer real a máxima democrática de que todos os votos valen o mesmo, reducir de xeito drástico os gastos electorais e garantir igualdade e pluralidade nos medios de comunicación públicos e privados entre outros elementos diferenciadores respecto da actual lexislación.
- XX.- **Redución do persoal de libre designación e fornecemento da carreira profesional no emprego público.** Retirada do proxecto de lei do emprego público para a súa negociación cos sindicatos.
- XXI.- Demandar do goberno central a **revisión da lei de contratos do sector público** para limitar as revisións de prezo nas contratacións, para impedir o fraccionamento dos contratos e para incorporar as garantías establecidas pola UE.
- XXII.- **Impulsar no marco da FEGAMP un acordo para fornecer a democracia e a transparencia no eido local** e desta maneira que se reforme a lexislación de maneira que todos os cargos públicos teñan a obriga de depositar a súa declaración de bens e intereses nun rexistro público. E a facer obligatoria a participación de todos os grupos políticos con representación nas empresas públicas e mesas de contratación

- XXIII.- Demandar do goberno central a **modificación legal que obrigue a que calquer concesión de licenza, convenio ou contrato, en particular os de obras e servizos de longa duración, requira dun acordo plenario, e que no caso dos servizos públicos básicos sexa necesaria a realización dunha consulta popular.**
- XXIV.- **Creación dun rexistro galego de recualificacións de solo.**
- XXV.- **Nova lei do solo** que aumente a participación pública nas plusvalías xeradas a prol do interese xeral coa constitución de parques públicos de vivenda, que achegue novas formas de participación da cidadanía no planeamento urbanístico, incluíndo os convenios municipais accesibles á veciñanza en tempo real. E que fixe prezos máximos para a venda do solo.
- XXVI.- **Constitución dun corpo de inspección**, alleo aos concellos, que fornezan a vixilancia da legalidade dos planeamentos urbanísticos.
- XXVII.- **Creación de consellos asesores** con dereito a formular criterios e alternativas de ordenación urbanística, supervisar os plans municipais para que sexan sustentables no social e ambiental e propoñer medidas e actuacións correctoras.
- XXVIII.- **Recoñecemento do dereito de iniciativa cidadá.**
- XXIX.- Instar ao goberno do Estado a elaborar unha **lei de financiamento local** que garanta os principios de suficiencia e autonomía.
- XXX.- **Plan de extensión da Axencia Tributaria Galega** cunha memoria económica suficiente que permita ampliar os medios materiais, tecnolóxicos e de plantilla.
- XXXI.- **Reforzamento da coordinación coa Axencia Tributaria Estatal.**
- XXXII.- Desenvolvemento dun **plan de loita contra a fraude do IVE** e a modificación legal que permita restrinxir o réxime de módulos en exclusiva para vendas a consumidores finais.
- XXXIII.- **Plan de Investigación e persecución dos incrementos patrimoniais das persoas físicas ou xurídicas carentes de xustificación a partires dos ingresos declarados.**
- XXXIV.- Instar do goberno central a creación dun **rexistro de posuidores de billetes de 500 euros e o establecemento da responsabilidade económica subsidiaria para as entidades financeiras** cuxa colaboración sexa necesaria para branquear capitais e ocultar bens e capitais, outrosí de prohibir aos bancos españois armar filiais ou sucursais nos paraísos fiscais garavando cunha taxa especial os movementos de fondos con orixe ou destino neles.
- XXXV.- **Realización dun debate anual parlamentar sobre a prevención e loita contra as diversas modalidades de corrupción.**



- XXXVI.- Creación dun **observatorio cidadá independente sobre a corrupción**, que permita reunir as novas sobre esta temática, facer o seu seguimento, formular estudos e análises críticos para afrontar a problemática e achegar os seus informes e recomendación saos poderes públicos galegos.
- XXXVII.- Constitución dun **foro da cidadanía para a loita contra as tramas de corrupción político-empresarial**, que impulse a concienciación social respeita dunha práctica enémiga mortal da democracia.

En Compostela, a 27 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 27/02/2015 14:58:56**